Manual do Usuario

1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que se pode acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxese no gráfico:



Tal e como se explica para moverse pola unidade unicamente deberá de facer clic naquel apartado que queira, tras o cal aparecerá o contido escollido.

2.- As guías didácticas:

As frechas permiten moverse ao seguinte ou ao anterior apartado, se existise; o botón "N" permite pór en grosa (negriña) as palabras clave que hai no texto, para o estudo. Pode resultar interesante que primeiro lea o texto sen estas palabras remarcadas, logo pode marcalas (poñelas en “grosa”) e ver se unicamente con estas palabras é quen de comentar o que o texto quere transmitir.

O altofalante ao lado dunha palabra ou dunha frase permítenos escoitar como se pronuncia. O resto dos botóns están explicados pormenorizadamente na guía didáctica, pero a groso modo, permítennos incorporar á pantalla principal vídeos, audios, arquivos, páxinas externas, material embebido, ...

Fíxese no seguinte gráfico para ter unha idea do que estamos falando.



PLANET EARTH

Unit 8

Start | Grammar | Song | Vocabulary | Web Task | Extra-curricular | Special Dates | Celebrities | Functions | Cities

There are three different ways to pronounce the 'ed' ending of regular verbs in the simple past tense: /ɪd/, / t / or / d /. The pronunciation depends on the sound at the end of the infinitve of the main verb and whether it is voiced or not.

/Id / infinitives that end in the sounds /t/ or /d/	/ d / infinitives that end in a voiced sound (except "d")	/ t / infinitves that end in an unvoiced sound (except "t")
Decided /dɪˈsaɪdɪd/	B .- Rubbed /rʌbd/	P.- Shopped /ʃɒpt/
Divided /dɪˈvaɪdɪd/	G.- Damaged /ˈdæmɪdʒd/	K.- Picked /pɪkt/
Ended /ˈendɪd/	L.- Followed /ˈfɒləʊd/	F.- Sniffed /snɪft/
Folded /ˈfəʊldɪd/	M.- Claimed /kleɪmd/	GH (=/f/)- Laughed /lɑːft/
Needed /ˈniːdɪd/	N.- Cleaned /kliːnd/	SH .- Washed /wɒʃt/
Hated /ˈheɪtɪd/	R.- Ignored /ɪgˈnɔːd/	CH.- Watched /wɒtʃt/
Dated /ˈdeɪtɪd/	V.- Lived /lɪvd/	X.- Fixed /fɪkst/
Seated /ˈsiːtɪd/	Z.- Buzzed /bʌzd/	SS.- Kissed /kɪst/
Waited /ˈweɪtɪd/	TH (=/ð/).- Breathed /briːðd/	C.- Danced /dɑːnst/
Wanted /ˈwɒntɪd/	VOWELS:- tried /traɪd/	TH (=/θ/).- Earthed /ɜːθt/

Este sería o formato sen poñer as letras en negriña. Se prememos no botón “N” esas palabras resaltadas en grosa e que supoñen os puntos claves da unidade desaparecerán, permitindo así ao alumnado a posibilidade de comprobar se aprendeu o que pretendía.

3.- As actividades:

Nalgúns paquetes de actividades atoparase na parte superior con algunhas ligazóns que ao premer nelas levarano a algún lugar de internet onde pode consultar algo relativo ás actividades que está a facer.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, se pon o rato enriba de cada número verá o nome da actividade, facendo clic irá directamente a esa actividade. Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente pasa á seguinte sen necesidade de que faga clic en ningún lado; se, pola contra, cometeu erros e debe repetir o exercicio, este recargarase automaticamente. Na maioría das actividades pode ver un símbolo de interrogación “?” que serve para comprobar se a actividade foi resolta correctamente.

Lembre que de todo o seu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que lle pode servir de auto-avaliación. Se o desexa ver só ten que premer na esquina superior esquerda; na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, se foron correctas ou non, etc.

Fíxese na imaxe seguinte:

4.- Actividades de recoñecemento de voz (Speech recognition):

Este tipo de actividades está deseñado para a mellora da pronunciación. No momento da elaboración, non se pode executar en todos os navegadores. Polo momento precísase o uso de Google Chrome ou de Maxthon para o seu pleno funcionamento.

Para comezar débese conceder permiso a estes navegadores para acceder ao micrófono e así poder recoñecer os sons pronunciados.

Se executamos as actividades baixo chrome aparecerá unha mensaxe semellante a esta:

Simplemente prema en “permitir” e este tipo de actividades xa serían plenamente operativas.

Co navegador Maxthon, o proceso é bastante semellante. Ao abrir a actividade solicitarase de novo permiso:

No menú escollemos “permitir sempre” e xa podemos comezar a traballar.

Para a realización da actividade prememos no micrófono e debemos pronunciar a palabra ou frase solicitada. O programa escribirá o son que recoñeza na caixa correspondente. Se non é correcto, podemos volver a premer no micrófono ata que a forma escrita sexa a que nós consideramos axeitada:



Teña presente que esta actividade (ao igual que o traballo colectivo que ven a continuación), precisa ter conexión a Internet, xa que para devolver a palabra, o programa efectúa unha consulta aos servidores de Google.

5.- Traballo Colectivo (Collective task):

Este é un traballo que se levará a cabo en grupos coa colaboración de tódolos membros do grupo.

Nesta unidade teñen que elaborar dous exercicios de produción escrita online. Deste xeito ao docente quédalle gardado o produto e poderá corrixilo tamén “online”.

Para empezar deben identificarse usando o nome de usuario e contrasinal facilitados:



Unha vez identificado o alumnado xa pode elaborar a súa tarefa. Para iso conta ademais coa axuda dun procesador por se precisara darlle formato:



Unha vez rematado, pode gardar o seu traballo. Ao entrar o profe coa súa conta xa pode corrixir a tarefa usando se fose preciso tamén un procesador de textos para proceder a efectuar as correccións:

Tamén aparece un xestor de arquivos que permitirá ao alumnado subir as tarefas encomendadas, por exemplo a “gran pregunta” do apartado “Treasure Hunt”, ou o produto final do “traballo cooperativo” no apartado “World Book Day.

O primeiro paso sería identificarse co nome de usuario e contrasinal facilitados pola profe:

Ao entrar verán varios botóns. Entrando coo alumn@s, Na parte superior verán dous catafois: o seu persoal e o compartido creado polo profe:



Na parte inferior verán outros dous botóns que nos permitirán subir os arquivos:

O botón co cartafol permitirá crear outro cartafol dentro da carpeta persoal ou da compartida, e o botón coa frecha permitirá abrir un buscador de arquivos para proceder a localizar o noso:

Por último temos un traballo colectivo no que o alumnado debe investigar sobre a latitude e lonxitude das principais cidades do mundo.

A proposta de traballo cooperativo neste caso, é que o alumnado investigue na rede sobre a latitude e lonxitude das principais cidades do mundo. Ao premer no botón da parte inferior dereita, aparecerán as opcións da imaxe da dereita.

A continuación debe premer no botón da parte superior para identificarse co nome do usuario e contrasinal facilitado polo seu profesor ou profesora.

Verá que as opcións que se nos ofrecen desde a parte inferior dereita aumentaron:

Desde a posición inferior temos a X que nos permite sacar a barra de opcións. O seguinte botón permítenos sair da sesión actual. O terceiro botón úsase para ver a pantalla a tamaño completo. O cuarto botón permítenos actualizar a información que hai en pantalla, e o botón co lapis permítenos editar a información que imos incluír. Prememos entón no botón de edición e ábrese a seguinte pantalla:



Aquí deben encher os campos solicitados coa cidade e as coordenadas. Nos botóns coas cores podemos escoller a cor de fondo e do borde do post-it co que quedará reflectida a información seleccionada:



Fíxese tamén que a propia páxina en servidor dispón da posibilidade de visualizar algúns arquivos “online” sen necesidade de descargalos.

NOTA IMPORTANTE PARA OS/AS DOCENTES:

Se vostede accede como docente, pode elaborar o seu propio xestor de arquivos ou a súa propio formulario para crear os “writing”, co recurso de “páxinas en servidor” do programa ARDORA (http:www.webardora.net) e crear o seu propio curso con contrasinais para o seu alumnado e logo subila a un servidor se lle interesase traballar con este recurso. Abonda con poñer o mesmo nome que está nesta unidade e substituír as carpetas. Na páxina web de Ardora ten abundante información sobre como elaborar as páxinas en servidor.

Palmeira, 10 de Xuño de 2018